

Proxecto de Decreto, polo que se regulan as categorías estatutarias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da biblioteconomía e documentación.

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, dispón no artigo 15.1 que cada servizo de saúde establecerá, modificará ou suprimirá as categorías do seu persoal estatutario de acordo coas previsións contidas no propio Estatuto Marco. E conforme o artigo 113.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a creación, modificación e supresión de categorías estatutarias realizarase por decreto do Consello da Xunta.

As bibliotecas do Servizo Galego de Saúde, cuxo papel na organización foi potenciado coa creación da biblioteca virtual Bibliosaúde por Orde da Consellería de Sanidade do 8 de xuño de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 124, do 29 de xuño), desenvolven a función esencial de difundir o coñecemento científico-técnico nas ciencias da saúde e poñer a disposición das persoas usuarias información relevante e actualizada para a toma de decisións na práctica clínica, a docencia, a investigación e a xestión.

En correspondencia con ese relevante papel e na procura de impulsalo, considérase preciso dotar dun marco normativo propio, mediante este decreto, ao persoal estatutario con formación universitaria no ámbito da biblioteconomía e documentación.

O decreto consta de 6 artigos, nos que se regulan o seu obxecto e ámbito de aplicación, as categorías do ámbito da biblioteconomía e documentación, o seu réxime xurídico, acceso, funcións e cadro de persoal.

En relación co seu contido requiren unha especial mención dúas previsións. Por unha parte a decisión de ordenar este persoal en dúas categorías de diferente nivel de clasificación; por outra, a existencia, para acceder ás mesmas, de titulacións universitarias específicas do ámbito da biblioteconomía e documentación.

No que se refire ao primeiro particular, a decisión de ordenar este persoal en dúas categorías atende á realidade actual do persoal con titulación superior que presta servizos nas bibliotecas, o cal accedeu ao emprego público con titulacións universitarias de diverso nivel, así como á conveniencia de seguir contando con persoal que asuma diferentes, aínda que próximos, ámbitos funcionais e niveis de responsabilidade. Esas dúas categorías son, por unha parte, a xa existente de bibliotecario/a; por outra, a categoría de nova creación de técnico/a de grao medio en biblioteconomía e documentación.

E no que respecta á existencia de títulos universitarios específicos, resulta obvio que o mellor desenvolvemento das funcións de biblioteconomía e documentación, e xa que logo o interese xeral da organización, acadarase coa incorporación de profesionais especificamente

formados e titulados polo sistema universitario nese ámbito do coñecemento.

Por outra parte, neste decreto, a diferenza doutros con semellante contido regulador de categorías estatutarias, non se alude expresamente ás retribucións do persoal das categorías que regula. Porén, tal omisión resposta ao feito de que esas retribucións xa están fixadas e debidamente identificadas nos cadros de persoal anexos ás sucesivas Leis de orzamentos, así como nas ordes, ditadas pola consellería con competencias en materia de Facenda, polas que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica. En concreto, as ditas retribucións son as correspondentes aos postos de bibliotecario/a (identificado co código N-A1-07) e de persoal técnico de grao medio (identificado co código N-A2-14).

Engádense tamén dúas disposicións transitorias. A primeira regula o réxime de valoración dos servizos prestados desenvolvendo as funcións previstas non artigo 5. A segunda ordena a situación do persoal temporal que desempeña esas funcións e conta coa titulación precisa, dispoñendo que se realice o seu nomeamento temporal, na correspondente categoría de biblioteconomía e documentación, coa finalidade de impulsar de modo inmediato o proceso de implantación das categorías.

Pechan o texto unha disposición derogatoria e dúas derradeiras, relativas á habilitación normativa e á entrada en vigor do decreto.

A tramitación desta norma adecuouse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sendo obxecto de publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia a efectos do previsto no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Asemade, o proxecto foi sometido ao informe económico-financieiro da consellería competente en materia de facenda, informe sobre impacto de xénero, informe sobre impacto demográfico, informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, informe da dirección xeral competente en materia de función pública e da Asesoría Xurídica Xeral.

Este decreto dítase trala preceptiva negociación na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e co voto favorable das organizacións sindicais

Por último, o texto do decreto adecúase aos principios de boa regulación descritos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 37-a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Así, en aplicación dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade e eficiencia, a norma persegue un interese xeral, que é regular as categorías estatutarias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da biblioteconomía e

documentación, e recolle as normas precisas para tal fin e sen impoñer maiores obrigas e cargas ca as necesarias. En virtude dos principios de seguridade xurídica e simplicidade, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico. En cumprimento dos principios de transparencia e accesibilidade, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos e, ademais, durante a súa tramitación publicouse no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da consellería de Sanidade, de acordo co/oído o Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación no Consello da Xunta na súa reunión do día...

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este decreto ten por obxecto regular as categorías estatutarias, do ámbito da biblioteconomía e documentación, do Servizo Galego de Saúde, coa creación dunha nova categoría nese ámbito, ao tempo que se conteñen previsións sobre o seu réxime xurídico, réxime de acceso, funcións e dotación de cadro de persoal.

2. A regulación contida neste decreto resulta de aplicación ao persoal estatutario das ditas categorías que preste servizos no Servizo Galego de Saúde e nas entidades públicas instrumentais adscritas á consellería con competencias en materia de sanidade e ao dito organismo.

Artigo 2. Categorías do ámbito da biblioteconomía e documentación

O persoal estatutario do ámbito da biblioteconomía e documentación agrúpase nas seguintes categorías:

a) Dentro do colectivo de persoal estatutario de xestión e servizos de formación universitaria, de nivel de licenciado ou equivalente (subgrupo A1): Bibliotecario/a.

b) Dentro do colectivo de persoal estatutario de xestión e servizos de formación universitaria, de nivel diplomado ou equivalente (subgrupo A2): créase a categoría estatutaria de técnico/a de grao medio en biblioteconomía e documentación.

Artigo 3. Réxime xurídico

A relación de servizo do persoal das categorías reguladas neste decreto co Servizo Galego de Saúde, ou a correspondente entidade adscrita, rexerase pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, pola Lei 8/2008, do 10 de

xullo, de saúde de Galicia, pola normativa en materia de emprego público, nos termos previstos nela, polo presente decreto e pola restante normativa aplicable ao persoal estatutario do organismo.

Artigo 4. *Acceso*

1. Para acceder á categoría de bibliotecario/a, como persoal estatutario fixo ou temporal, será indispensable estar en posesión do título universitario oficial de licenciado/a en Documentación, graduado/a en Información e Documentación ou título universitario oficial equivalente.
2. Para acceder á categoría de técnico/a de grao medio en biblioteconomía e documentación será indispensable estar en posesión do título universitario oficial de diplomado en Biblioteconomía e Documentación ou título universitario oficial equivalente, do mesmo nivel ou superior.
3. Será requisito para acceder á condición de persoal estatutario fixo destas categorías a superación das correspondentes probas de selección, convocadas en execución dunha oferta pública de emprego e consonte o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, e na restante normativa aplicable.
4. A selección do persoal temporal efectuarase polo procedemento que se estableza logo da negociación na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde
5. Os procesos de selección para acceder ás categorías, e os seus concursos de traslados, terán carácter periódico e programaranse en función da planificación eficiente das necesidades de recursos.

A oferta ou ofertas de emprego público negociarase na antedita Mesa Sectorial, e o número de prazas que se convoquen nos respectivos procesos de selección e concurso de traslados determinarase trala negociación na devandita mesa.

Artigo 5. *Funcións*

1. Corresponde ao persoal da categoría de bibliotecario (A1) exercer as funcións inherentes ao conxunto de aptitudes e capacidades que derivan da titulación requirida para o acceso. En particular, desenvolverá principalmente as seguintes funcións:
 - a) Difundir o coñecemento científico-técnico nas ciencias da saúde a través da internet e reunir nun único sitio diferentes fontes de información, garantindo a calidade e a actualización continua dos seus contidos e fomentando o seu uso.

- b) Poñer a disposición das persoas usuarias información relevante para a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, a docencia e a investigación, e fomentar a súa actualización, seleccionando e avaliando os fondos de información en calquera formato para a súa incorporación nas coleccións documentais, servindo como recurso estratéxico para a institución da que depende.
- c) Apoiar e colaborar na xestión do coñecemento, a innovación e a investigación da organización.
- d) Realizar xestión de contidos e coñecemento.
- e) Xestionar os recursos ao seu cargo.
- f) Diseñar produtos e servizos.
- g) Planificar e xestionar proxectos, e establecer os seus obxectivos.
- h) Xestionar os equipamentos específicos da biblioteca.
- i) Realizar procuras da información científica.
- j) Aplicar as técnicas de marketing para o desenvolvemento das actividades de difusión do traballo realizado, no marco das súas funcións, en redes sociais e canles de comunicación adecuados.
- k) Atender as persoas usuarias e resolver as súas demandas de información.
- l) Formar as persoas usuarias para que utilicen a información de forma autónoma e responsable a través de instrumentos, materiais e propostas formativas.
- m) Catalogar, clasificar, indexar e resumir os documentos pertencentes a unha colección.
- n) Controlar e manter o rexistro de autoridades ou outros vocabularios controlados.
- ñ) Representar á biblioteca e cooperar con outros departamentos da organización e establecer conexións e redes de cooperación con outras bibliotecas e centros de documentación.
- o) Realizar memorias e informes da actividade da biblioteca.
- p) Xestionar a colección e realizar a súa avaliación, conservación e expurgo.

q) Xestionar o repositorio institucional.

r) Todas aquelas outras funcións ás que habilite o seu currículo formativo no seu ámbito funcional.

2. Corresponde ao persoal da categoría de técnico/a de grao medio en biblioteconomía e documentación (A2) exercer as funcións inherentes ao conxunto de aptitudes e capacidades que derivan da titulación requirida para o acceso. En particular, desenvolverá principalmente as seguintes funcións:

a) Xestionar e manter coleccións bibliográficas.

b) Catalogar e clasificar os fondos bibliográficos e documentais en calquera soporte.

c) Manter e actualizar os fondos e catálogos.

d) Atender as persoas usuarias.

e) Realizar información bibliográfica.

f) Realizar procuras bibliográficas en bases de datos.

g) Xestionar os servizos de acceso ao documento.

h) Formar os usuarios en calquera modalidade.

i) Elaborar materiais de difusión da biblioteca e os seus servizos.

j) Elaborar informes estatísticos.

k) Realizar a ordenación de fondos e préstamo aos usuarios ou interbibliotecario, así como a xestión do servizo de Obtención de Documentos.

l) Realizar xestión de contidos e coñecemento.

m) Xestionar proxectos.

n) Aquelas outras que se lles encomenden e teñan contido de índole bibliotecaria propia.

ñ) Todas aquelas outras funcións ás que habilite o seu currículo formativo no seu ámbito funcional.

3. As funcións relacionadas nos números anteriores enmarcaranse na actividade da biblioteca virtual Bibliosaúde creada pola Orde da Consellería de Sanidade do 8 de xuño de 2011.

Artigo 6. *Cadro de persoal*

1. Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e o control da consellería con competencias en materia de sanidade, determinar o número de efectivos de persoal, das categorías do ámbito da biblioteconomía e documentación, que poden prestar servizos con carácter estrutural.

2. Esta medida de dotación de postos de carácter estrutural farase efectiva mediante as modificacións que procedan nos cadros de persoal, coas limitacións e de conformidade coas previsións establecidas nas disposicións orzamentarias en vigor.

Disposición transitoria primeira. *Valoración de servizos prestados*

1. Os servizos prestados a partir da data de obtención das titulacións de acceso previstas no artigo 4, no ámbito da biblioteconomía e documentación e en desenvolvemento con carácter fundamental das funcións previstas no artigo 5, e debidamente certificados, terán a consideración de prestados na correspondente categoría para os efectos dos procesos de selección de persoal estatutario fixo e temporal.

2. Así mesmo, nos procesos de provisión de prazas valorarase en todo caso, como prestada na correspondente categoría, a experiencia dos/das profesionais no ámbito da biblioteconomía e documentación e en desenvolvemento das funcións previstas no artigo 5, debidamente certificada.

3. O previsto no número 1 anterior non será de aplicación ao persoal que xa ostenta a categoría de bibliotecario/a, cuxos servizos prestados serán valorados na dita categoría, e para todos os efectos, con independencia da súa titulación universitaria de acceso.

Disposición transitoria segunda. *Ordenación do persoal temporal*

1. O persoal técnico de formación universitaria con vínculo temporal, que desempeñe no ámbito definido no artigo 1.2 deste decreto as funcións propias das categorías de biblioteconomía e documentación, continuará no seu desempeño. Con todo, procederase á novación do seu vínculo, sempre e cando cumpra cos requisitos de titulación previstos no artigo 4.

2. A dita novación suporá a modificación da vinculación orixinaria e a expedición dun

nomeamento estatutario, así mesmo temporal, da correspondente categoría de biblioteconomía e documentación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de sanidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto, no ámbito da organización e materias propias do seu departamento

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,.....

Presidente

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade